



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: convocatoria da última sesión da Mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no período comprendido entre o un e o catorce de novembro de 2015 para o alleamento por poxa pública das vivendas municipais na rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

A Cláusula 10 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, prevé que a última sesión da Mesa de contratación celebrárase ás 11:00 horas do primeiro venres seguinte ao día en que transcorra o prazo dun ano, contado dende o día da publicación do último anuncio da convocatoria, que operará como último día para a presentación de ofertas, con independencia de que se presentasen ou non posturas no período computable.

Nesta sesión, de forma adicional ao análise das posturas presentadas, a Mesa proporá ao órgano de contratación a declaración como desertos daqueles lotes sobre os que non se formule proposta de adxudicación na última sesión.

Polo exposto procede convocar de forma expresa á Mesa de contratación para a realización das funcións previstas no prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento:

Lugar: Xerencia Municipal de Urbanismo, 2º andar (Pza. do Rei, s/n)
Día: 20 de novembro de 2015
Hora: 11:00 horas

Notifíquese o presente Decreto aos membros da Mesa de contratación, e insírase no perfil do contratante para o seu público coñecemento.
dg/

Vigo, 16 de novembro de 2015.

A PRESIDENTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

D^a. M^a José Caride Estévez.

